



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. Sección de Promoción Económica e Emprego

R.P. n.º 2022/10504 de 28/02/2022, aprobación bases reguladoras convocatoria do programa de subvencións dirixido ás organizacións profesionais agrarias e labregas (OPAS) da provincia da Coruña para a realización de actividades durante o ano 2022

ANUNCIO

Mediante R.P. n.º 2022/10504 de 28/02/2022, aprobáronse as bases reguladoras da convocatoria do programa de subvencións dirixido ás organizacións profesionais agrarias e labregas (OPAS) da provincia da Coruña para a realización de actividades durante o ano 2022, que se transcriben de seguido:

RESOLUCIÓN POLA QUE SE DISPÓN AVOCAR A PROBABACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDO ÁS ORGANIZACIÓNS PROFESIONAIS AGRARIAS E LABREGAS (OPAS) DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DURANTE O ANO 2022 E APROBAR AS DITAS BASES

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

Por resolución número 24474, de 16 de xullo de 2019, o Presidente delegou na Xunta de Goberno entre outras: “A aprobación das bases reguladoras de subvencións, cuxa competencia correspondía inicialmente ao Presidente”.

Tendo en conta que á data da próxima Xunta de Goberno e considerando a urxencia de aprobar as Bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, do programa de subvencións dirixido ás organizacións profesionais agrarias e labregas da provincia da Coruña, (OPAS), para a realización de actividades durante o ano 2022.

Vistos os informes do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego, da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización

RESOLVO:

1.- Avocar a competencia que con carácter xeral foi delegada por esta Presidencia mediante Resolución nº 24474 de 16.07.2019 na Xunta de Goberno, para a aprobación das Bases reguladoras do programa de subvencións ás Organizacións Profesionais Agrarias e Labregas (OPAS) da provincia da Coruña para a realización de actividades 2022, coma excepción e considerando a urxencia na publicación da convocatoria do programa OPAS /2022.

2.- Aprobar ás bases reguladoras en réxime de concorrencia competitiva do “Programa de subvencións dirixido ás Organizacións Profesionais Agrarias e Labregas (OPAS) da provincia da Coruña para a realización de actividades durante o ano 2022, que se transcriben de seguido.

PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDO ÁS ORGANIZACIÓNS PROFESIONAIS AGRARIAS E LABREGAS (OPAS) DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DURANTE O ANO 2022

UNIDAD GESTORA	Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego
SECCIÓN	Sección de Promoción Económica e Emprego
ANUALIDAD	2022
PROGRAMA	OPAS

DENOMINACIÓN	PROGRAMA DIRIXIDO ÁS ORGANIZACIÓNS PROFESIONAIS AGRARIAS E LABREGAS (OPAS) DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA ACTIVIDADES DURANTE O ANO 2022	
BENEFICIARIOS	Entidades de la provincia sen ánimo de lucro	
APLICACIÓN PRESUPUESTARIA	0510/4141 /481	
IMPORTE DE LA CONVOCATORIA	200.000,00€	
IMPORTE DEL PRESUPUESTO DE GASTOS	Mínimo	30.000,00 €
	Máximo	125.000,00€
IMPORTE DE LA SUBVENCIÓN A CONCEDER	Mínimo	6.000,00 €
	Máximo	100.000,00€
IMPORTE SOLICITADO	Del 20% al 80 % del orzamento de gastos subvencionables	
COEFICIENTE DE FINANCIACIÓN	Variable entre 0,20 y 0,80	

Exposición de motivos

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción de actividades e investimentos, e mantemento de centros e servizos considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que as entidades privadas da provincia acaden os obxectivos que lles son propios e de fomentar a participación da cidadanía nos distintos ámbitos de actuación e promover a igualdade de xénero.

1.-BASES XERAIS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO

Base 1.- Réxime xurídico xeral

O marco normativo polo que se rexerán as subvencións concedidas pola Deputación da Coruña está constituído polas leis e disposicións que se citan a continuación e polas súas normas de desenvolvemento, así como por cantas outras normas, legais ou regulamentarias, que conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de produciren efectos no devandito ámbito:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Lei 6/2020, de 11 de novembro, reguladora de determinados aspectos dos servizos electrónicos de confianza.

- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

- Lei galega 11/2007, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- Regulamento orgánico e Bases de execución do orzamento de 2022 da Deputación da Coruña.
- Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña do 30 de xullo do 2021, BOP 150, do 10 de agosto de 2021,
- Ordenanza xeral de administración electrónica da Deputación da Coruña do 6 de novembro do 2015, BOP 56 do 23 de marzo de 2016.
- Ordenanza de uso da lingua galega na Deputación da Coruña do 15 de setembro de 2017, BOP núm.186 do 29 de setembro de 2017.

Base 2.-Tramitación telemática e sinatura de documentación

2.1.- Tramitación telemática

Polo que se refire ao tipo de tramitación, esta realizarase de maneira telemática (a través da plataforma Subtel).

A tramitación telemática aplicarase a todas as fases do procedemento: solicitude, concesión, xustificación, desistencia e renuncia, incluíndo en cada unha delas as notificacións e as comunicacións, os requirimentos de información e emenda de deficiencias, así como os envíos de documentación que sexan necesarios para tramitar os expedientes.

A entidade deberá dispoñer dun único enderezo de correo electrónico de contacto durante toda a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións. Excepcionalmente, e de xeito xustificado, poderá modificar este enderezo inicial, sempre e cando lle notifique a circunstancia pertinente á Deputación.

Serán rexeitadas automaticamente as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar á integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non cubran nos cuestionarios telemáticos os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento

2.2.- Sinatura de documentación

A documentación deberá vir asinada como se indica:

No caso das **certificacións**, pola secretaría co visto e prace da presidencia ou persoa na que delegue.

No caso das **declaracións, compromisos e outra documentación**, pola presidencia ou persoa que represente a entidade.

No caso das **certificacións de gastos e ingresos**, quen exerza as funcións financeiras ou de tesourería e a persoa que exerza a representación legal da entidade.

A estes efectos, deberán dispoñer de certificado dixital:

Quen ocupe a presidencia da entidade ou quen teña delegadas as súas funcións.

Quen ocupe a secretaría da entidade.

Quen exerza as funcións financeiras ou de tesourería.

Base 3.-Obxecto, forma, prazo e documentación da solicitude

3.1.- Obxecto da solicitude

Na solicitude deberá indicarse o obxecto da actividade/investimento/proxecto para a que se solicita subvención, de forma clara, concreta e precisa, cunha denominación diferenciada do título da convocatoria, que permita coñecer as actuacións que se van desenvolver, salvo as excepcións previstas nas bases específicas

3.2.- Forma

As entidades interesadas en participar en cada convocatoria deberán presentar unha solicitude a través do apartado correspondente á convocatoria da plataforma telemática Subtel (na páxina web <https://sede.dacoruna.gal/Subtel/>) cubrindo os campos da solicitude e presentando toda a información que se solicita, téndose por non presentadas as rexistradas fóra da plataforma Subtel.

No caso de que a documentación fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de 10 días para a súa emenda. Pasado o dito prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedimento.

Só poderá concederse unha subvención por entidade, salvo as excepcións previstas nas bases específicas.

Non se admitirá máis dunha solicitude por entidade en cada convocatoria, salvo as excepcións previstas nas bases específicas.

Considérase unha soa entidade, todas aquelas nas que as persoas socias, administradoras ou directivas sexan co-múns nunha porcentaxe superior ao 50% en dúas ou máis entidades, nos termos establecidos na Lei xeral de subvencións e nas súas normas de desenvolvemento, así como as que puidesen encaixar no concepto de grupo nos termos dispostos no Código de Comercio.

No caso de presentación de varias solicitudes nunha mesma convocatoria, só se terá en conta a última presentada, que deixará sen efecto e anulará todas as anteriores.

Non axustarse aos termos desta convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 a 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

3.3.- Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes determinarase no anuncio do extracto de cada convocatoria que se publicará no BOP, por conduto da Base de Datos Nacional de Subvencións

3.4.- Documentación a presentar

As entidades deberán acreditar o cumprimento dos requisitos indicados nas presentes bases referidos á data anterior á publicación da convocatoria e achegar a documentación correspondente, que se recolle no punto 3.- Anexo I-Documentación da solicitude.

No caso de que a Unidade Xestora, detecte calquera deficiencia referida á solicitude ou documentación achegada, realizará requirimento ao solicitante, para que a emende a través da plataforma Subtel, dispoñendo dun prazo de 10 días naturais para aceptar a notificación e 10 días hábiles desde a esta aceptación para a corrección das deficiencias requiridas. No caso de que o/a solicitante non emende neste prazo, teráse por desistido da súa solicitude.

Base 4.- Compromisos e obrigas

Os/as beneficiarios/as da presente convocatoria deberán cumprir, os seguintes compromisos e obrigas:

- Estar legalmente constituída antes de presentar a solicitude e dispor de estatutos debidamente inscritos no rexistro público correspondente e adaptados á lexislación vixente.
- Cumprir con todos os requisitos indicados nestas bases e manter a mesma forma xurídica da entidade solicitante desde a data de publicación da convocatoria da axuda e ata a finalización do período subvencionado.
- Tratándose de asociacións constituídas ao abeiro da Lei orgánica 1/2002, reguladora do dereito á asociación, deberán contar cun mínimo de 25 membros.
- Declarar no momento de presentación da solicitude que non presenta máis dunha solicitude por entidade na mesma convocatoria.
- Non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Atoparse ao corrente nas súas obrigas coa Facenda Pública, Seguridade Social e Deputación da Coruña e autorizar á Deputación para obter as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente.
- Declarar a obtención de subvencións ou axudas procedentes doutras administracións e entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais.
- Comunicar de inmediato a través da Plataforma de tramitación telemática Subtel calquera modificación que puidese afectar a algún dos datos recollidos na solicitude inicial realizada, para a valoración do caso por parte da Unidade Xestora da axuda.
- Empregar a subvención outorgada para o mesmo fin para o cal foi concedida, axustándose aos termos das bases xerais e específicas de cada convocatoria e de conformidade coa lexislación vixente.
- Solicitaren, polo menos, tres ofertas de distintas empresas proveedoras no caso de que o gasto sexa superior a 15.000 € (IVE excluído) no caso da prestación de servizos ou subministracións ou superior a 40.000 € (IVE excluído) nos contratos de obras, nos termos do artigo 31.3. da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, conforme co disposto na Lei galega 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

- Dar o seu consentimento ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo con a lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.
 - Utilizaren, con carácter xeral, unha **linguaxe non sexista e inclusiva**, elaborar materiais que fomenten a igualdade, tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero.
 - No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con **menores**, deberá comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos. (De acordo coa Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación do Código civil e da Lei de axuízamento civil).
 - Faceren constar a **colaboración da Deputación** da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixeren das actividades ou investimentos subvencionados, así como na súa páxina web.
 - Na parte específica do programa concretaranse os medios para o cumprimento da obriga de dar publicidade á achega provincial.
 - Esta obriga entenderase como mínimo desde a data de concesión e ata o pagamento da subvención.
 - Non se subvencionarán solicitudes que exclúan a **lingua galega**. Os proxectos subvencionados deberán ter como lingua vehicular de desenvolvemento a lingua galega, así como tamén o será dos soportes divulgativos das actividades (web, redes sociais, cartellaría, folletos e equivalentes) e de calquera outro aspecto vinculado, sen que iso exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outras linguas.
 - Xustificar o cumprimento dos obxectivos, requisitos, condicións e da finalidade suxeita á subvención, someténdose ás actuacións de comprobación e control, que poderá efectuar a Deputación da Coruña, así como outras comprobacións e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, internos ou externos, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. Como resultado dos ditos procedementos poderáselles esixir responsabilidade administrativa, consonte co disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e, no seu caso, responsabilidade penal, de conformidade co Código penal.
 - Así mesmo, as entidades beneficiarias das subvencións teñen a obriga de conservaren os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos durante un mínimo de catro anos, que se han contar dende a data da percepción ou cobramento da subvención, en tanto que poderán ser obxecto das correspondentes actividades de control.
 - Autorizar á Deputación a consultar os datos fiscais relacionados coa súa actividade empresarial.
 - Cumprir os requisitos e as obrigas sinaladas no artigo 5 e 6 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias.
- Estes requisitos e obrigas completaranse co previsto, no seu caso, nas bases específicas da convocatoria.

A constatación do incumprimento dos requisitos necesarios ou das obrigas asumidas como consecuencia da concesión da subvención, así como a falsidade documental, poderá dar lugar á extinción do dereito ao seu goce ou á modificación da resolución de concesión, ao reintegro das cantidades percibidas e, no seu caso, á incoación do correspondente expediente sancionador conforme ao previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións así como cantas responsabilidades de todo orde poidan derivarse.

Base 5.- Procedemento de concesión e aprobación

O procedemento de concesión da subvención recollida nesta base tramitarase en réxime de concorrència competitiva, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Aos efectos desta lei, terá a consideración de concorrència competitiva o procedemento mediante o cal a concesión das subvencións se realiza mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración fixados nestas bases reguladoras e na súa posterior convocatoria, e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obteñan maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Logo de que o servizo correspondente, co carácter de órgano instrutor do procedemento de concesión, teña determinada as solicitudes recibidas e, se é o caso emendadas, que reúnen todos os requisitos regulados nestas bases, someteraas a un comité técnico de valoración, no caso de estar previsto na parte específica da convocatoria, designado polo órgano competente e composto por un mínimo de tres persoas expertas ou de recoñecido prestixio profesional sobre a materia, que deberá facer unha valoración e asignación de puntos a cada solicitude, aplicando os criterios establecidos en cada convocatoria específica segundo o previsto no apartado anterior. As funcións de secretaría dos comités técnicos serán realizadas por persoal funcionario do servizo correspondente, con voz, pero sen voto.

En función dos puntos asignados, e dentro do límite máximo do crédito dispoñible, a xefatura do servizo instrutor realizará proposta motivada, na que expresará a relación de solicitantes para os que se propón a concesión de subvención e a súa contía, así coma as solicitudes desestimadas, as desistidas e as non admitidas a trámite.

No caso de producirse empate na puntuación mínima para obter a subvención, atenderase á data e hora de presentación das solicitudes empatadas, primando aquelas que se presentasen con anterioridade e atendendo ao crédito dispoñible.

Exceptúase a obriga de facer a valoración e asignación de puntos de cada solicitude cando o crédito consignado sexa suficiente para atender a todas as solicitudes que reúnan os requisitos polo importe solicitado.

A concesión realizarase segundo o regulado na parte específica da convocatoria, que poderá optar por unha das seguintes opcións en canto ao procedemento a seguir:

Concesión provisional/definitiva

Logo da preceptiva fiscalización do órgano intervisor, sobre a proposta realizada polo servizo instrutor, a Presidencia ditará resolución de concesión provisional, que deberá notificárselles ás persoas interesadas concedéndolles un prazo de dez días hábiles para presentaren, se é o caso, a desistencia da solicitude, reformulación, cambio de obxecto, ou as alegacións que estimen oportunas. No caso de non formular desistencia expresa, a subvención entenderase aceptada tacitamente.

As alegacións que, de ser o caso, presenten as persoas interesadas, deberán ser estudadas polo órgano instrutor e, unha vez emitido o correspondente informe-proposta, remitiranse ao órgano intervisor para a súa fiscalización. Con base nese informe-proposta, a Presidencia ditará a resolución definitiva de concesión. No caso de que non se presentaran alegacións no prazo establecido para o efecto, a resolución ata entón provisional terá o carácter de definitiva.

Concesión definitiva

A Presidencia da Deputación ditará resolución de concesión definitiva, que deberá ser notificada aos/ás interesados/as mediante a publicación no Boletín Oficial da Provincia.

As resolucións de concesión deberán conter a relación dos/as solicitantes aos/ás que se lles concede a subvención e a desestimación expresa das restantes solicitudes.

Reformulación de solicitudes:

Cando o importe da subvención concedida sexa inferior ao importe solicitado, entenderase automaticamente reformulada a solicitude de subvención.

Cambios de obxecto:

Non se admitirán cambios de obxecto, salvo as excepcións previstas nas bases específicas.

O simple cambio dalgún dos conceptos de gasto subvencionados non se considerará cambio de obxecto, tampouco o cambio de lugar onde se faga a actividade, pero haberá que comunicarlle telematicamente á Deputación esa circunstancia antes de que se produza.

Base 6.- Prazo de resolución e notificación

O prazo máximo para resolver será de 9 meses a contar desde o día de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, de acordo co artigo 23.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A resolución conterá a relación de solicitudes ás que se lles concede a subvención e a desestimación expresa das restantes solicitudes. Notificaráselle aos interesados segundo o previsto no artigo 40 da Lei 39/2015 e publicarase no BOP segundo o regulado no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015 por ser un acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva

Base 7.- Desistencia da solicitude ou renuncia á subvención

7.1.- Antes da concesión – desistencia da solicitude

Unha vez presentada a solicitude e antes da concesión, as entidades solicitantes, poderán desistir da súa petición. A desistencia realizarase por escrito mediante a presentación do modelo correspondente que estará dispoñible na plataforma Subtel

7.2.- Despois da concesión – renuncia á subvención

Unha vez publicada a resolución definitiva de concesión da subvención polo órgano competente, as entidades beneficiarias poderán renunciar á subvención por circunstancias excepcionais debidamente xustificadas axustándose ao modelo que estará dispoñible na plataforma Subtel.

Base 8.- Publicidade das subvencións concedidas

A Deputación Provincial da Coruña publicará as subvencións concedidas na Base de Datos Nacional de Subvenciones.

A Deputación entenderá cumprida a obriga de dispor dun Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, ao que se refire a disposición adicional sexta da Lei de subvencións de Galicia, mediante a publicación na Base de datos nacional de subvencións da información prevista no artigo 20 da Lei 38/2003.

Base 9.- Xustificación e pago.

9.1. Prazo de xustificación

Segundo o indicado nas bases específicas

9.2. Documentación

A indicada no punto 3.- Anexo II- Documentación da xustificación

9.3. Tramitación da xustificación

Unha vez recibida a documentación, a unidade xestora comprobará a correcta xustificación desta.

No caso de ser **correcta**, será emitido un informe-proposta de aprobación da xustificación presentada.

No caso de que a documentación fose **incorrecta ou insuficiente**, darase un prazo de 10 días para a súa emenda. Pasado o dito prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedimento, ditándose a resolución de perda do dereito ao cobro, que será notificada á entidade beneficiaria.

A Deputación da Coruña poderá requirirle á entidade beneficiaria a documentación que estime pertinente para os efectos de comprobar o cumprimento da finalidade da subvención.

Neste proceso de control, a Deputación poderá efectuar comprobacións materiais encamiñadas á verificación da realización efectiva das actividades ou investimentos subvencionados, mediante a visita ás entidades por parte de funcionarios provinciais, de acordo co disposto nos artigos 32 e 33 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Completada a documentación e emitido o informe-proposta favorable ao pagamento, o expediente será remitido ao órgano interventor, para o efecto de que se emita o preceptivo informe de fiscalización previo á aprobación da xustificación e pagamento.

Producirase o reintegro ou a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de:

Falta de xustificación ou xustificación insuficiente.

Falta de achega da documentación requirida.

Demais causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

9.4. Consideracións xerais

As subvencións aboaranse despois da xustificación dos gastos, que deberán axustarse aos conceptos aprobados na concesión definitiva e que figurarán en cada expediente de solicitude.

O coeficiente de financiamento defínese como o cociente entre o importe da subvención solicitada e o importe do orzamento de gastos presentado.

O orzamento subvencionado para xustificar será o resultado de dividir o importe da subvención concedida polo coeficiente de financiamento.

En todo caso o importe da subvención a aboar non pode ser de tal contía que, en concorrencia con outras subvencións ou axudas de administracións públicas ou de entidades privadas máis os ingresos derivados da actividade ou investimento superen o custo da dita actividade ou investimento.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención, terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifique gasto por un importe **igual ou superior ao orzamento** subvencionado para xustificar, aboarase a totalidade da subvención.
- No caso de que se xustifique gasto **inferior ao 100% e igual ou superior ao 50% do orzamento** subvencionado para xustificar, aboarase a parte proporcional da subvención.
- No caso de que se xustifique gasto **inferior ao 50% do orzamento** subvencionado para xustificar, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.

A entidade beneficiaria deberá pagar ós provedores de bens e servizos así como as persoas traballadoras, mediante transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario,

sempre que en todo caso quede identificada a entidade ordenante (perceptora da subvención), a persoa/entidade beneficiaria (provedora do ben, servizo ou persoas traballadoras), o concepto, o importe e a data de pago.

Non obstante, para os gastos que non excedan de 150 € admitiranse os pagamentos en metálico.

O pago dos seus gastos xustificativos deberá realizarse antes de que transcorra un mes contado a partir da percepción da subvención. No caso contrario, o dito gasto considerárase como non válido para efectos de xustificación da subvención

Gastos subvencionables

Só se considerarán gastos subvencionables os que resulten imputables contablemente a algún dos conceptos fixados no orzamento que se tomou en consideración no acto de concesión da subvención sempre que resultaran estritamente necesarios para executar o proxecto ou actividade subvencionada e se teñan devindicado no prazo previsto na convocatoria.

As bases específicas desta convocatoria detallan as contas e a descrición dos gastos que se consideran subvencionables na mesma.

O importe de IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación pola entidade.

A empresa que facture os bens ou servizos debe estar dada de alta na actividade económica correspondente aos bens ou servizos que provee, e recollida no Certificado de situación censual da Axencia Estatal da Administración Tributaria con anterioridade á data de emisión da factura.

O importe do gasto subvencionable non poderá superar o valor razoable segundo as normas contábeis nin o prezo de mercado.

Non se poderán utilizar intermediarios que se limiten a xestionar a compra ou o servizo aumentando así o prezo final facturado.

9.5.- Pago

O pago farase efectivo unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos indicados nas bases reguladoras e realízase, con carácter xeral, nun pago único, salvo as excepcións que poidan regular as bases específicas.

Logo do preceptivo informe de fiscalización do órgano interventor, ditarase a resolución de aprobación da conta xustificativa ou, se é o caso, de anulación e perda do dereito ao cobro.

Emitida resolución de pagamento, a tesourería preparará a orde de transferencia correspondente a prol da conta bancaria designada pola entidade beneficiaria no modelo establecido con carácter xeral para todos os pagamentos pola Deputación.

No caso de non atoparse ao corrente nas súas obrigas coa Facenda Pública, Seguridade Social e Deputación da Coruña, e de que teña xustificado o cumprimento das condicións da subvención, advertirase á entidade beneficiaria de que non se procederá ao pagamento e concederáselle un prazo de tres meses para xustificar que ten regularizada a súa situación; De non achegar xustificación no indicado prazo declararase a perda do dereito á subvención outorgada.

O pagamento terá que realizarse no prazo máximo de catro meses desde que a entidade beneficiaria presentara completamente a documentación xustificativa.

Base 10.- Subcontratación

De acordo coa establecido no artigo 27 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, enténdese que un beneficiario subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade subvencionada. Queda fóra deste concepto a contratación de aqueles gastos en que teña que incurrir o beneficiario para a realización por si mesmo da actividade subvencionada.

Para determinar a existencia de subcontratación atenderase ao obxecto social da entidade solicitante.

Admitirase a subcontratación para as prestacións de bens e servizos que non poida proveer por si mesma a entidade solicitante, ao estaren fóra do seu obxecto social. Non se poderán contratar as ditas prestacións con terceiros intermediarios que se limiten a xestionar a compra ou o servizo sen engadir valor adicional, aumentando así o prezo final facturado.

Así mesmo, admitirase a subcontratación co límite máximo do 40 por cen da actividade subvencionada importe do orzamento subvencionable, sumando os importes de todos os subcontratos.

En ningún caso poderá concertarse polo beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.
- Persoas ou entidades que perciban outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.

- Intermediarios ou asesores nos que os pagos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, a menos que este pago estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou os servizos prestados.
- Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, salvo que concorran as circunstancias previstas na base 11.
- Persoas ou entidades solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa, que non obteñan subvención por non reunir os requisitos ou non acadar a valoración suficiente.

Base 11.- Operacións vinculadas

No caso de que o solicitante concerte a execución total ou parcial da actividade obxecto da subvención con persoas físicas ou xurídicas vinculadas á entidade, segundo o disposto no artigo 29.7.d) da Lei xeral de subvencións, no momento da solicitude deberá presentar solicitude de autorización.

Considérase que existe vinculación coas persoas físicas e xurídicas nas que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 68.2 do RD 887/2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

Para contratar a persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, deben cumprirse os seguintes requisitos:

1. Que se obteña a previa autorización expresa da Deputación.
2. Que o importe subvencionable non exceda do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realízase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario.
3. Que a contratación de actividades e servizos con persoas vinculadas non supere o límite máximo do 40 por cen do importe da actividade subvencionada, sumando os importes de todos os contratos con persoas vinculadas.

Base 12.- Incumprimentos e sancions

O incumprimento dos prazos na presentación das solicitudes de axuda ou da emenda da documentación correspondente se procedese, suporá a exclusión do proceso de valoración para o outorgamento da subvención.

Se unha vez transcorrido o prazo de xustificación sinalado na parte específica destas bases sen que a entidade presentase a documentación xustificativa, a unidade xestora requirirá para que a presente no prazo improrrogable de 15 días desde a notificación, advertíndolle que, noutro caso, perderá o dereito ao cobro, sen prexuízo das responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións.

A presentación da documentación neste prazo excepcional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que lle corresponda segundo a gradación das sancións pecuniarias pola comisión de infraccións leves recollidas na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña vixente.

No caso de imposición de sancións e aceptada esta pola beneficiaria, aplicarase a compensación do importe da sanción mediante desconto no mandamento de pago.

O procedemento sancionador está regulado no Capítulo VI da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña.

Base 13.- Protección de datos persoais

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, pola Deputación da Coruña coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Para facilitar o exercicio dos dereitos, a Deputación pon ao seu dispor un modelo de solicitude (<https://www.dacoruna.gal/documentacion/impresos-oficiais>).

2.- BASES ESPECÍFICAS

Base 1.- Obxetivos e réxime xurídico específico

1.1.- Obxectivos

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción de actividades e investimentos, e mantemento de centros e servizos considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que as entidades

privadas da provincia acaden os obxectivos que lles son propios e de fomentar a participación da cidadanía nos distintos ámbitos de actuación e promover a igualdade de xénero.

No ano 2022, no contexto dunha realidade social, económica e cultural de saída da pandemia da COVID19, a área de Promoción Económica, Turismo e Emprego da Deputación da Coruña renova a súa aposta polo apoio ao sector Económico e turístico en todas as súas dimensións, e moi especialmente naquelas máis directamente vinculadas á creación de emprego, mantemento de estruturas profesionais e creativas, **o impulso e democratización do agro**

1.2.- Réxime xurídico específico

Lei 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación

Base 2.- Obxecto

2.1.-Obxecto

O obxecto desta convocatoria é subvencionar accións tendentes a fomentar a participación dos agricultores/as e gandeiros/as no seu ámbito de actuación contribuíndo deste xeito a impulsar a democratización do agro, mediante a mellora da calidade de vida dos agricultores/as e gandeiros/as mediante a vertebración social e profesional do sector agrario, gandeiro e forestal. O asesoramento e a prestación dos servizos precisos ás explotacións agrarias, gandeiras e forestais, co fin de mellorar as súas rendas e as súas condicións de traballo da provincia da Coruña. Os gastos subvencionables serán os seguintes:

-Contratación de persoal técnico, soldos e salarios, seguridade social do persoal asociado ás oficinas abertas polas OPAS na provincia da Coruña, gastos derivados de cursos, seminarios, xornadas e congresos, material funxible para a realización da actividade, desprazamentos imprescindibles para a realización da actividade, gastos de funcionamento da entidade cando estean directamente vinculados á realización da actividade co límite máximo do 15%

Ámbito temporal.

As actividades obxecto deste programa deben realizarse no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022.

Base 3.- Gastos subvencionables

Gastos subvencionables no programa OPAS/2022:

Conta	Descrición da conta
600	Compras de bens destinados á actividade (material non inventariable)
607	Traballos realizados por outras empresas (que sexan indispensables para a realización da actividade)
624	Transportes (só gastos de desprazamentos do persoal alleo á entidade beneficiaria que sexan necesarios para a realización da actividade, concertados con terceiros en transporte público ou privado)
627	Publicidade, propaganda e relacións públicas
628	Subministracións (electricidade e outros abastecementos non almacenables)
629	Outros servizos (só gastos de viaxe (desprazamento) do persoal da entidade necesarios para a realización da actividade)
640	Soldos e salarios
642	Seguridade Social

Consideración con respecto aos gastos subvencionables:

No caso dos soldos e salarios e seguridade social, indicárase para cada traballador/a e mes o importe bruto da nómina (na conta 640) xustificando mediante as nóminas correspondentes e o xustificante de pago da mesma. O importe da Seguridade Social con cargo á entidade (na conta 642) xustificando mediante o informe de "Cálculos globais do/a traballador/a

3.1.- Gastos excluídos:

- Os gastos de manutención, aloxamento e atencións protocolarias
- As viaxes de lecer, premios e agasallos
- O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación pola entidade (art. 31.8 LXS).
- A realización de estudos

-Os gastos referidos a actividades que non se correspondan cos obxectivos da convocatoria ou que sexan subvencionados a través doutras convocatorias da Deputación Provincial da Coruña.

-Os gastos financeiros

-Os gastos de reparacións e conservacións

-Os gastos de material inventariable

-Os gastos de funcionamento da entidade só poderán ser subvencionables cando estean directamente vinculados á realización da actividade subvencionada, co límite máximo do 15% dos gastos directos da actividade. Estes gastos deberán especificarse motivadamente no presuposto.

Base 4.- Compatibilidades e exclusións

As subvencións deste programa son **compatibles con outras subvencións**, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, **procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais**

Base 5.- Entidades solicitantes

A presente convocatoria vai dirixida ás organizacións profesionais agrarias e labregas (OPAS) da provincia da Coruña, que cumpran os requisitos desta convocatoria e os requisitos establecidos na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias no momento de presentaren a solicitude.

Organizacións profesionais agrarias e labregas (OPAS) con implantación na provincia da Coruña, legalmente constituídas en Galicia, que concorreran ás derradeiras eleccións á cámaras agrarias na provincia da Coruña e que desenvolvan as súas actividades no ámbito territorial da provincia da Coruña ou sobre temas de interese para ésta.

Non se admitirá máis dunha solicitude por persoa ou entidade. Co fin de que non se eluda o cumprimento deste límite, considerarase que existe só una persoa xurídica privada cando as persoas socias ou directivas sexan comúns en máis dun 50 por cento en dúas ou máis entidades nos termos establecidos na Lei xeral de subvencións e nas súas normas de desenvolvemento, así como as que puideren encaixar no concepto de grupo nos termos dispostos no Código de Comercio.

Entidades excluídas:

• Persoas ou entidades que foran sancionadas ou condenadas por resolución administrativa ou sentenza firme pola comisión de condutas discriminatorias nos termos dispostos na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, así como no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aprobou o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

• Persoas ou entidades que utilicen na súa actividade linguaxe sexista ou empreguen a imaxe da muller como reclamo ou connotacións de tipo sexual ou denigrante segundo o disposto no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro.

Base 6.- Compromisos e obrigas específicas

6.1.- As entidades solicitantes procederán á inclusión do logotipo da Deputación nos soportes de difusión das actividades subvencionadas facendo constar ao seu carón o texto: "Actividade subvencionada pola Deputación da Coruña".

6.2.- As entidades ostentarán, en lugar visible e na súa páxina web, a imaxe corporativa da Deputación da Coruña.

6.3.- As entidades solicitantes, na difusión das actividades subvencionadas en redes sociais, deberán incluír ou etiquetar nas súas entradas aos perfís da Área de Promoción Económica da Deputación: @DACCultura no TWITTER e <https://www.facebook.com/daccultura/> no FACEBOOK.

6.4.- As entidades solicitantes deberán ter sempre a súa páxina web oficial en lingua galega e o conxunto de soportes informativos e de difusión das súas actividades (folletos, carteis, cuñas de audio, programas de man, etc) deberán de estar sempre en lingua galega, sen que iso exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outras linguas.

Base 7.- Valoración das solicitudes

A concesión das subvencións realizarase mediante réxime de concorrencia competitiva e será aprobada por resolución da presidencia.

A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase despois da consideración dos proxectos, de acordo cos baremos establecidos nesta convocatoria. A entidade deberá completar todos os apartados das plantillas da Memoria, para posibilitar a adecuada valoración das solicitudes. **Non se terán en conta para o baremo -nin se fará requirimento deles- aqueles aspectos do Dossier e da Memoria non acreditados ou non informados debidamente pola entidade solicitante.**

7.1.- CONCEPTOS DE VALORACIÓN DAS SOLICITUDES

Coefficiente de financiamento derivado da solicitude:	Ata 20 puntos
Representación feminina no órgano de goberno da entidade	Ata 5 puntos
Emprego da lingua galega na súa realización	Ata 5 puntos
Número de centros de atención ó público propios ou en cesión	Ata 40 puntos
Número de socios	Ata 30 puntos

Base 8.- Prazo de xustificación

A xustificación poderá presentarse a partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión definitiva das subvencións no BOP. O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día **31 de marzo de 2023, ás 14:00 horas**.

Disposición adicional primeira

A presentación duha solicitude supón a aceptación das correspondentes bases reguladoras.

Disposición adicional segunda

En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito a favor das entidades solicitantes mentres non se dean as condicións orzamentarias, procedementarias e xurídicas de aplicación.

3.- ANEXO DOCUMENTACIÓN

ANEXO I- Documentación da solicitude

Documentación xeral

- Declaración de estar legalmente constituída antes de presentar a solicitude, de dispor de estatutos debidamente inscritos no rexistro público correspondente e adaptados á lexislación vixente.
- Certificación do acordo de solicitude e do nomeamento da persoa representante para a relación coa Deputación
- Acreditación da delegación da Presidencia ou persoa en quen delegue na que se especifique o alcance desta delegación.
- Solicitude de autorización, se procede, en caso de que a persoa solicitante concerte a execución total ou parcial da actividade ou proxecto subvencionado con persoas físicas ou xurídicas vinculadas á entidade, (segundo o disposto no artigo 29.7, d, da Lei Xeral de subvencións e artigo 68 do Regulamento desta Lei aprobado por RD 887/20016, do 21 de xullo)
- No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores de idade, certificación de que comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como trata de seres humanos. Igualmente, para o persoal que se incorpore con posterioridade ás actividades subvencionadas, compromiso de facer a comprobación a que se refire este apartado.
- No caso de que a realización das actividades non implique o contacto habitual con menores de idade, deberán achegar unha certificación da entidade neste senso.
- No caso de asociacións, certificación do número de socios/as da entidade.
- Autorización á Deputación para obter as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordear os pagamentos das subvencións.
- Declaración de que non presenta máis dunha solicitude por entidade na mesma convocatoria.
- Declaración de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Declaración do emprego da lingua galega na presentación, desenvolvemento e difusión social do proxecto

Documentación específica:

- Estatutos da entidade adaptados á lexislación vixente, nos que conste a inscrición no rexistro público correspondente.
- Memoria das actividades a subvencionar
- Importe da subvención e orzamento

Os documentos que se citan a continuación deberán conter a seguinte información:

• **MEMORIA DAS ACTIVIDADES A SUBVENCIONAR**

As entidades solicitantes presentarán unha memoria explicativa da actividade para a que se solicita subvención que conterá:

- Breve descrición da actividade que se vai realizar e da súa implantación na provincia da Coruña, para os efectos de comprobar que é subvencionable nesta convocatoria segundo o disposto na base 3; calendario de realización da actividade ao longo do ano 2021; adecuación da actividade ao interese provincial; número de persoas beneficiadas directa ou indirectamente; acreditación de estar legalmente constituídas en Galicia; acreditación de concorrencia nas derradeiras eleccións ás cámaras agrarias da provincia da Coruña; declaración de persoal contratado en réxime laboral na data de publicación desta convocatoria, con especificidade do réxime contractual indefinido ou temporal, cesión e cualificación del e da súa aplicación ao territorio da provincia da Coruña, representación feminina no órgano de goberno da mesma e número de centros de atención ó público propios ou en cesión

IMPORTE DA SUBVENCIÓN E ORZAMENTO

A entidades solicitantes presentarán neste apartado:

- 1 O orzamento estimado dos gastos derivados da realización da actividade, desagregado por conceptos.
- 2 O importe da subvención solicitada, que non poderá superar o 80% do orzamento de gastos.
- 3 Unha declaración doutras subvencións ou axudas públicas ou privadas concedidas ou solicitadas para o mesmo obxecto

ANEXO II-Documentación da xustificación

Documentación xeral

• Certificación dos gastos realizados. No caso de entidades públicas beneficiarias, este documento terá o carácter de certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade; nas restantes entidades deberá asinalo conxuntamente a persoa que exerza as funcións financeiras ou de tesourería e a persoa que exerza a representación legal da entidade respectiva.

• Relación detallada de todos os ingresos concedidos por outras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos ingresos propios afectados á actividade subvencionada, ou, pola contra, declaración de non ter outros ingresos públicos ou privados para o mesmo obxecto. No caso de entidades públicas beneficiarias, este documento deberá ter o carácter de certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade; no caso de persoas beneficiarias privadas, deberán asinalo as persoas que exerzan a responsabilidade de tesourería e a representación legal da entidade.

• Declaración de non ter pendente de xustificación ningunha outra axuda da Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación de xustificantes

• A entidade indicará se está ou non exenta do IVE e se está suxeita á regra de rateo a porcentaxe deducible, xa que só poderá terse en conta o cargo co dito imposto cando sexa soportado pola entidade e na porcentaxe que non fora deducible.

• Certificación dos datos bancarios da entidade, segundo o modelo aprobado pola Deputación da Coruña. En caso de que estes datos xa consten no ficheiro de terceiros da Deputación, non resultará preciso achegar este documento

• Unha certificación (entidades públicas) ou declaración (persoas privadas) dos medios polos que se lle deu publicidade á subvención concedida, segundo o formato esixido en cada convocatoria, achegando unha proba documental ao respecto.

• No caso de que o gasto sexa superior a 15.000 € (IVE excluído) no caso da prestación de servizos ou subministracións ou superior a 40.000 € (IVE excluído) nos contratos de obras, nos termos do artigo 31.3. da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, conforme co disposto na Lei galega 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, deberá achegar os tres orzamentos solicitados, e a motivación da contratación da empresa seleccionada.

Documentación específica

• Memoria das actividades realizadas na anualidade, que conterá como mínimo os seguintes aspectos: actividades desenvolvidas, temporalización, ámbito territorial, cuantificación e perfil dos participantes, resultados obtidos...

• No suposto de que a subvención se xustifique con **gastos de persoal**, indicarse, para cada traballador/a e mes, o importe bruto da nómina e o importe da seguridade social con cargo á entidade. Neste caso, a entidade deberá achegar a correspondente **autorización individual** asinada por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.

• Declaración da inclusión do logotipo da Deputación e uso da lingua galega nos soportes de difusión das actividades subvencionadas e da obriga de incluír en lugar visible e na súa páxina web a imaxe corporativa da Deputación da Coruña.

Dispoñer a publicación das bases deste programa no BOP

Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno na primeira sesión que se celebre.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

A Coruña, 28 de febreiro de 2022

O PRESIDENTE,

Valentín González Formoso

A SECRETARIA

Amparo C. Taboada Gil

2022/1058